

Documento distribuido por
Culturagalega.org

NOTAS DE URXENCIA SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO LIBRO EN GALICIA

Conscientes de que o libro está a vivir un proceso de profunda crise estrutural en todo Occidente e de que segue a ser, de xeito primordial, depositario histórico da cultura e do coñecemento, o sector editorial galego —notoriamente afectado por esta conxuntura e na actualidade vivindo unha situación particular complexa e delicada—, manifesta, con absoluta vontade constructiva, a súa intención de ofrecer análises e perspectivas que contribúan a mellorar en Galicia o actual estado da industria da edición e, como é obvio, do libro como realidade cultural, material e simbólica, de gran valor para o mantemento da identidade da nosa terra e para contribuírmos, desde o libro e a lectura, á construción permanente dunha sociedade culta, democrática e moderna.

1. O libro galego está obrigado a competir, por unha banda, coa poderosa oferta das grandes transnacionais que ocupan e controlan os canais de comercialización e promoción masiva impondo as súas leis de mercado e, por outra, sofre as limitacións obxectivas da nosa realidade social e cultural. Vexamos:

- Unha poboación que non crece ou crece moi lentamente (sobre todo a poboación nova).
- Unha recesión xeral do consumo de produtos editoriais de cultura, desprazados por produtos mediáticos e de ocio masivo.
- Unha realidade infraestrutural feble e non consolidada na súa amplitude (insuficiente dotación de bibliotecas, cativos hábitos de lectura, menor capacidade económica da nosa poboación).
- Os problemas específicos da lingua galega.

Non cabe dúbida de que os últimos vinte anos foron anos de crecemento para o libro galego. Mais tamén é certo que a edición na nosa lingua sofre aínda os avatares da historia —velaí un tempo histórico perdido (desde 1936)— e, sendo conscientes de que a recuperación cultural non se consegue en unha nin en dúas xeracións, tamén se advirte un alto crecemento

doutras formas de produción de ocio e consumo cultural que, xunto coa penetración masiva e constante do libro en castelán, con maior mercado e maior tradición e potencia económica, nos sitúan nunha posición de difícil competencia. De aí que o libro galego, abandonado deste xeito ás leis do mercado, fiquese seriamente afectado e mesmo ameazado se non se toman medidas urxentes ao respecto. De aí a nosa demanda, xa “histórica”, de declarar o sector do libro como sector estratéxico e de levar á práctica políticas activas e claras que animen decididamente a industria editorial galega.

A recentemente constituída Mesa do Libro abre expectativas ilusionantes para o sector: unha futura Lei do Libro e unha Lei de Bibliotecas. Mais a economía diaria do libro non admite demoras. No exercicio do ano 2002 (últimas cifras disponibles a día de hoxe) a facturación galega (ventas anuais) diminuíu en -14,3 puntos con respecto ao ano anterior, fronte a un crecemento medio español de 2,6 puntos. E as tiraxes medias da edición literaria galega, de fondo xeral e de infantil/xuvenil, diminuíron tamén. No ano 2000 a tiraxe media da edición literaria era de 2.201 exemplares por título, fronte a 1.340 no ano 2002, e no que atinxe á tiraxe media da edición infantil/xuvenil (dato especialmente relevante polo que representa de difícil penetración nesta capa de poboación) minguou de 2.108 exemplares no ano 2000 a 1.656 no 2002. Aumentaron os títulos, en boa parte para soste-la facturación, pero merman sensiblemente as tiraxes e as vendas medias (datos oficiais do Informe do Comercio Interior do Libro, elaborado polo Gremio de Editores de España).

Dito doutra maneira: atendendo ao número de novidades editoriais que Galicia produce anualmente, tocamos a 1 libro por cada 1.394 habitantes, fronte á media española, que é de 1 libro por cada 585. En Cataluña a relación é de 1 novidade editorial por cada 265 habitantes e no País Vasco de 1 título novo por cada 794 habitantes. Unha das claves, sen dúbida, das deficiencias ou atrasos da edición en Galicia está na precaria dotación das nosas bibliotecas e na relación especialmente cativa entre produción de títulos e poboación que aínda sufrimos.

2. No que atinxe á lectura pública en Galicia, é preciso tamén tomar medidas urxentes. Segundo as últimas investigacións e datos de que dispomos, Galicia contaba no ano 2000 cunha dotación de 1,1 libros por habitante na

súa Rede Pública de Bibliotecas (3.005.090 exemplares), cifra moi afastada da media europea, que é de 1,9 libros por habitante; o que suporía no noso caso un déficit de 2.221.988 exemplares, que estimamos en 28 millóns de euros. Debemos ter en conta aquí, ao respecto, a recomendación que fai IFLA/UNESCO, que establece unha dotación bibliotecaria mínima por habitante entre o 1,5 e 2,5 exemplares.

Se considerásemos como “obxectivo de mínimos” acadarmos en Galicia só o 1,5 libros por habitante, deberíase contar (cos datos fornecidos polo INE en 2003) cun fondo bibliotecario de 4.126.641 exemplares, o que supón un déficit actual de 1.215.551 exemplares, que valoramos en 14 millóns de euros.

Para acadar este “obxectivo de mínimos” nun prazo non superior aos 5 anos, debería aumentar moi significativamente o gasto público de adquisición de fondos para bibliotecas por habitante (actualmente en 0,66 euros). E para iso sería preciso acometer un plan de choque de dotación bibliotecaria que valoramos en 3 millóns de euros anuais, e que suporía unha dotación suplementaria de 1,2 millóns de euros ao gasto que se efectúa na actualidade. Só con este “esfuerzo de mínimos”, Galicia podería aproximarse ao índice mínimo de 1,5 libros por habitante sinalado pola UNESCO, moi lonxe aínda da media europea. En definitiva, os editores galegos, conscientes do valor e da transcendencia que a Rede Pública de Bibliotecas ten para o desenvolvemento da nosa terra, propomos que como medida de emerxencia Galicia invirta cada ano 1,10 euros por habitante na súa dotación de lectura pública.

3. Por outra banda e no tocante á problemática creada no sector da produción editorial de “libros de texto”, os editores solicitamos con urxencia a revisión do modelo de gratuidade posto en marcha experimentalmente pola Consellería de Educación; modelo que, a todas luces, entra en contradición coas liñas básicas defendidas polo PP na subcomisión do Congreso dos Deputados. O actual modelo de gratuidade implantado pola Consellería de Educación non está sustentado, na nosa opinión, nunha análise seria e rigorosa das graves repercusións que crea no sector editorial galego e entre os principais axentes que circulan arredor do libro (librerías, distribuidoras, autores, ilustradores...).

Ao respecto, débese ter en conta que o modelo proposto pola Xunta, aplicado por outros países, como Francia, por exemplo, cunha ampla tradición no seu emprego, está actualmente cuestionado neses mesmos países e en fase ou proceso de revisión.

Se nos referimos a un caso práctico, derivado do funcionamento do modelo actual, os alumnos de 6º de Primaria e de 2º de ESO, por exemplo, terán libros non adaptados á nova normativa durante 4 anos e o mesmo sucederá ante calquera cambio curricular ou novidade que se produza. Desde esta perspectiva, os cursos elixidos para a implatación do presente modelo imposibilitan claramente unha programación racional do traballo editorial.

Os editores galegos ofrecemos, pois, a nosa plena colaboración para ofrecer unha proposta de gratuidade que responda ás demandas sociais e ás necesidades do sector. Urxe a participación efectiva dos editores na mesa sectorial que se convoque por parte da Consellería de Educación para levar a cabo a aplicación do modelo e, unido a isto, a elaboración dun calendario de implantación da gratuidade consensuado.

4. En definitiva, os editores galegos, constituídos como auténtico Gremio de Editores de Galicia e conscientes da importancia cultural e estratéxica do sector que representamos, solicitamos da Xunta de Galicia, e moi especialmente da sensibilidade da presidencia da mesma, un apoio decidido e inmediato á recuperación da edición galega e á súa proxección como industria cultural, para superarmos a marxinalidade e para situármonos nun espazo definitivo de progreso e modernización, fundamental para o desenvolvemento da nosa cultura e da nosa lingua e para o fortalecemento do noso patrimonio histórico. Precisamos unha “acción de choque” para mellorar o fondo de libros no ámbito escolar e no ámbito público. O libro galego precisa máxima atención e dedicación. No día a día escríbense as páxinas, hoxe borrosas, do futuro. O libro galego e a lectura demandan un aporte especial de consideración e dilixencia por parte da Administración autonómica. Existe, ninguén o dubida, unha “débeda histórica” co libro e a lectura en Galicia. A Asociación Galega de Editores, que representa a 29 empresas editoriais do país, practicamente todo o tecido industrial existente, solicita coa máxima urxencia unha actuación especial da Xunta de Galicia —velaí, por exemplo, o gravoso que resulta a adaptación de clásicos e

contemporáneos á nova ortografía oficial do idioma— para facer do sector editorial galego unha realidade plena e con futuro, no firme convencemento de que a cultura e o libro son vehículos esenciais e fundamentais para o progreso e a supervivencia dun pobo como tal.

ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2004